

A Llosa de Benidorm.

Na costa alacantina, e a poucos centenaes de metros da illa de Benidorm, unha montaña afundida denominada a Llosa álzase ata os sete metros de profundidade.

Situada no Parque Natural de Sierra Helada, presenta tres boias de fondeo que serven para o amarre das embarcacións e para reclamar o uso responsable dos recursos naturais.

As dimensións da Llosa, a biodiversidade das súas augas e as súas paisaxes submarinas fan desta paraxe un sitio ideal para a práctica de actividades subacuáticas deportivas.

Na parte máis superficial da Llosa, é moi común observar grandes cardúmes de coloridos fredis axexando nerviosos preto do mergullador; algún que outro vello de notables dimensións, e innumerables choupas, chaparelas e barbos, que buscan sen cesar algo de alimento entre as algas e os fondos detríticos de restos calcáreos.

Por encima do fondo mariño, moi castigado polas correntes, os espáridos dominan a paisaxe. Grandes grupos de sabogas destacan no horizonte polas súas rechamantes bandas amarelas mentres pacen entre as algas e as praderías de fanerógamas. Os espáridos, peixes litorais moi abundantes nas nosas costas, forman cardumes de moitos individuos, que, en ocasións, están compostos por diferentes especies. De patróns inconfundibles, a chepa loce unha mancha negra rodeada de branco no pedúnculo caudal. A chaparela, dúas listas negras anchas na caluga e no extremo caudal; e a choupa, con bandas verticais de escuras estrías sobre o seu corpo. Os grupos de espáridos están sempre presentes nas cristalinas augas da Llosa. En ocasións, é frecuente observar grupos de corvinas compartindo ese protagonismo.

Na vertente este da Llosa, pasados os 20 metros de profundidade, os grandes bloques rochosos que se asentán no fondo proporcionan substrato e acubillo a innumerables organismos mariños. En desplomes e paredes rochosas, os organismos esciáfilos como os parazoantos...anémonas incrustantes amarelas e grandes filtradoras...xunto con outros amantes da umbría, engaden pinceladas de cores a esta azul paisaxe mediterránea. Sobre o fondo mariño, os solitarios ceriantos alongan e contraen, louzáns, os tentáculos en busca de partículas e plancton para alimentarse. A gran complexidade estrutural que proporciona este rosario de bloques e rochas permite a coexistencia de diferentes comunidades, poboacións e especies no mesmo ecosistema mariño.

En cada recuncho da paisaxe aparecen numerosos motivos de interese, como os elegantes tres colas ou os fráxiles e coloridos nudibranquios. As grietas acollen grandes polbos e miméticas escarapotes. E os fuxidías ollomoles comparten acubillo con pequenos *alfonsiños* e congros moi curiosos. Tamén son moi abundantes as vistosas e sempre tímidas moreas. As colosais rochas, arcos e paredes da Llosa acollen un sinfín de organismos mariños.

Pragado de luces e contraluces, esta incomparable paisaxe revélanos na súa plenitude un mundo submarino que representa con fidelidade a asombrosa vida da costa rochosa mediterránea.